

(BANDA DE RIBADEO)

CONCERTO

**BANDA SINFÓNICA
MUNICIPAL DE
RIBADEO**

Domingo 23 de xullo de 2000

9 da noite

Praza da Constitución

VIGO



**Banda Sinfónica
Municipal de
Ribadeo**

BANDA SINFÓNICA MUNICIPAL DE RIBADEO

A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** está a desenvolver a súa novena temporada de concertos. O 25 de xaneiro de 1992 ofreceu o seu primeiro concerto público, perante case mil persoas. Dos cuarenta xóvenes compoñentes iniciais ten pasado a conformar un plantel de Banda Sinfónica de máis de oitenta músicos amaters. A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** está promovida pola Asociación *Amadores da Música* en colaboración permanente co Excmo. Concello de Ribadeo.

Nistos poucos anos de vida, a **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** ten ofrecido importantes concertos: Teatro Colón (A Coruña), Praza da Quintana (Santiago de Compostela), Praza Maior e Auditorio da Vaguada (Madrid), Plaça Real e Parque de Provençals (Barcelona), Beniaján (Múrcia), Loures, Lisboa e Tomar (Portugal), Teatro Campoamor (Oviedo), Círculo das Artes de Lugo, Auditorio *Isabel de Farnesio* de Aranjuez (Madrid), Concatedral de Ferrol, Teatro *Rosalía de Castro* da Coruña, etc. Ten realizado gravacións para a Rádio e Televisión de Galiza e máis para a Televisión Española.

A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** difunde en comezando cada ano unha programación estábel dos seus concertos en Ribadeo. Neles ten incluído programas monográficos (música de cine, música relixiosa, etc.), e outros, como o de Nadal ("Aqui como en Viena"), forman xa parte dos eventos culturais tradicionais de de Ribadeo. Tamén, o Festival de Bandas que organiza no mes de agosto e que o último verán acadou a súa quinta edición estase a converter nun importante referente cultural.

En 1997 a Banda ribadense gravou o seu primeiro CD. O disco, que ten colleitado un grande éxito de vendas e de crítica, inclúe o *Andante Spianato e Grande Polonesa en Mi bemol Maior*, de Chopin, acompañando a Banda ao prestixioso pianista cubano Antón Queija Uz, na transcripción para Banda que das partes orquestrais da obra realizou Hernán Naval, Director da **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo**. O CD, como o programa do seu concerto de hoxe en Vigo, é testemuña do que ven sendo o heterodoxo facer na **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** na súa curta pero intensa traxectoria pública: música sinfónica, música contemporánea (bandas sonoras, nova música para Banda...), etc., sempre desde presupostos conceituais formativos, tanto para o público como para a propia Banda, rachando cos atavismos das dianas e alboradas como único horizonte das Bandas populares. A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** prevé realizar este ano as sesións de gravación de dous novos discos compactos: un de célebres fragmentos de bandas sonoras cinematográficas e outro de música galega (Gaos, Baudot, Paulino Pereiro, Guridi...).

HERNÁN NAVAL
Director

Viveiro, 1962. Estudou nos Conservatorios de A Coruña, Madrid, Santiago e Lugo. Foi profesor do Conservatorio de Música de Viveiro até o seu traslado a Ribadeo para formar e dirixir a Banda Municipal. Criou, co apoio e patrocinio do Excmo. Concello, a **Escola Municipal de Música de Ribadeo**, primeiro centro das súas características fundado en Galiza, hoxe con douscentos e trinta alumnos.

Hernán Naval é autor de pezas para Coro (formou e dirixiu durante dous anos a Coral Polifónica de San Cibrán-Cervo) e para Banda; dúas das súas obras (*Portbou-Saraxevo* e *Lonxe do mar*) están incluídas no CD gravado pola **Banda Municipal de Ribadeo** sob a súa dirección.

Hernán Naval ten contribuído, como ponente, conferenciante e articulista, á divulgación dun novo discurso sobre o papel sócio-cultural das Bandas amaters e a formación musical da xuventude, organizando en Ribadeo, en 1994, un importante Congreso de Bandas de Música Populares de Galiza e participando en diversos foros.

Hernán Naval é o vice-presidente da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música (AGEMM) e dirixiu a *Big-band* promovida por esta asociación para participar no VI Festival de Música dos Xóvenes Europeos que se celebrou en Trondheim (Noruega) do 31 de maio ao 4 de xuño pasados.

P R O G R A M A

Spartanburg (Obertura) Barry E. Kopetz

O Camiño Real Alfred Reed

Visions of flight

(*Visións de vó*) Robert Sheldon

John Williams

in concert Arr.: Paul Lavender

Sorrisos e bágoas Richard Rodgers

(Arr.: Takashi Hoshide)

O segundo vals

(da *Jazz Suite nº 2*) D. Shostakovitch

(Arr.: A. Waignein)

HERNÁN NAVAL

Director